



Trámite: certificación do acordo.

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 24.06.2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

C) MODIFICACIÓN DELEGACIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15 DE XUÑO DE 2019.

O 15 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra acordou as delegacións nos concelleiros e directores xerais.

Iniciada a súa aplicación compre modificar algunhas delegacións a fin de facilitar a xestión administrativa.

O artigo 127 da Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local establece a posibilidade de que a Xunta de Goberno Local delegue nos membros aos que fai referencia no seu apartado segundo. Efectuada a modificación de áreas e delegacións pola Alcaldía compre que pola Xunta de Goberno Local se adopten modificacións necesarias no tocante a delegación nos concelleiro de goberno que lle son propias. Así mesmo, o Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra prevé esa posibilidade no seu artigo 22.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Delegar nos seguintes concelleiros as seguintes competencias:

1) En Anabel Gulias Torreiro

- A iniciación dos expedientes de contratacións e concesións, salvo en materia de patrimonio municipal.
- A adxudicación dos contratos.
- A sinatura de tódolos contratos e concesións administrativas, previa autorización e disposición do gasto.
- As contratacións en todos os seus trámites relativas ao subministro da enerxía eléctrica así como a autorización e disposición do gasto correspondente
- A aprobación dos proxectos de obra e, de seren necesario, a realización de requirimentos aos adxudicatarios para a formalización dos contratos
- A aprobación dos plans de devolución de acopios
- A autorización para a contratación de colaboradores coa Dirección Facultativa, nos contratos de obras concluídos polo Concello e para aqueles casos nos que a propia Dirección o solicite, en atención á magnitude ou características específicas da obra (art. 51 e DF3ª do TRLCSP).
- A competencia como órgano de contratación respecto aos contratos de servizo de interpretación artística así como a autorización e disposición do gasto correspondente
- A resolución dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores que se tramiten ao abeiro da normativa reguladora da tenencia de animais potencialmente perigosos
- O outorgamento, denegación e modificación de licenzas en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos.

2) En María Carmen da Silva Méndez



- A iniciación dos expedientes de contratacións, adquisicións e alleamentos dentro do ámbito do patrimonio municipal e a adxudicación de concesións demaniais”
- As autorizacións e posta a disposición de bens municipais e cesións de uso ata un ano.
- A competencia como órgano de contratación respecto aos contratos de arrendamento de bens inmobles.

3) En Raimundo González Carballo

- Os contratos menores en tódalas súas fases.
- O desenvolvemento da xestión económica, a autorización e disposición de gastos que sexan competencia da Xunta de Goberno Local, salvo aqueles expedientes cuxa autorización e disposición de gasto se realice simultaneamente na Xunta de Goberno Local ao aprobar o asunto.
- A aprobación das certificacións finais de obra así como das actas de recepción e de conformidade.

4) En María Gloria Blanco Rial

- A concesión, denegación e modificación das licenzas legalmente procedentes para o exercicio da actividade de venda ambulante, así como dos dereitos de autorización e concesión nos mercados municipais.
- A resolución dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores que se tramiten ao abeiro da normativa reguladora da venda ambulante e dos mercados municipais

Segundo.- As delegacións sinaladas no apartado anterior rexerese polas condicións establecidas no acordo de Xunta de Goberno Local de 15/06/2019 de delegación nos concelleiros e directores xerais.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo, persoalmente, ós señores Concelleiros interesados, dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

